



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL

12 XUN 97 03595 -

SAIDA

O acordo do 3 de xuño de 1996 admite a posibilidade do recoñecemento de créditos pola realización de prácticas en empresas coas que a Universidade teña asinado un convenio. Por outra banda, para a realización de ditas prácticas é preciso publica-la correspondente convocatoria que, para o vindeiro curso, é conveniente se realice nos centros que o teñan posto en marcha. E é polo exposto que,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- As convocatorias para a realización de prácticas en empresas durante o curso 1996-97 realizaranas os centros e conterán como mínimo a seguinte información:

- . Empresa ou institución na que se realizarán, indicando localidade onde se levarán a cabo.
- . Número de prazas
- . Número de horas e equivalencia en créditos de que constarán as prácticas
- . Tempo e horario de realización das prácticas
- . Materia ou materias ás que se imputarán
- . Requisitos académicos para concorrer á realización das prácticas
- . Prazo de solicitudes, que en ningún caso será inferior a 15 días naturais.
- . Comisión de selección e criterios da mesma.
- . Prazo de matrícula para os alumnos admitidos

SEGUNDO.- Rematado o prazo de solicitudes e avaliación dos expedientes farase pública a relación de alumnos admitidos e non admitidos indicando as cualificacións outorgadas, establecéndose un prazo de reclamación contra elas non inferior a 5 días.


TERCEIRO.- Rematado o prazo de reclamación, e resoltas as mesmas pola dirección do centro, remitirase a relación definitiva dos alumnos admitidos xunto con copia da convocatoria ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións.

CUARTO.- Os alumnos admitidos deberán formaliza-la matrícula na Unidade Centralizada de Xestión Académica correspondente antes do inicio das prácticas.

QUINTO.- Nos aspectos non recollidos na presente resolución seguirase o establecido no Acordo da Xunta de Goberno de 3 de Xuño de 1996, na Resolución rectoral do 7 de marzo de 1997 e no correspondente convenio.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 1997

O RECTOR


Dario Villanueva Prieto

Ilmos/as Sres./as Decanos/as Directores/as dos Centros da USC, Excmo. Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Ilmo. Sr. Secretario Xeral, Sr. Vicerente do Campus de Lugo, Sr. Xefe do Servizo de Alumnado e Sr. Director do COIE.